


ONCELLA

REVISTA COMARCAL DO CARBALLIÑO

N.º 1 - 17 de MAIO - 1980

50



Cafetería

O CASERIO

Especialida en BO CAFE

Aldara, 6 - Teléfono 27 00 41 - CARBALLIÑO

BAZAR RODRIGUEZ

Acero inoxidable - Loza y Cristal



Plaza Maior, 4 - Teléfono 271042

CARBALLIÑO

confecciones

«GEMINIS»

Rosalía de Castro, 20 - Teléfono 270382

Carballiño

Panadería

ELVIRA

Curros Enríquez, 22

CARBALLIÑO

Pregamos disculpen os fallos que poida ter iste número, intentaremos nos próximos superar a nosa inexperiencia. Gracias.

N. da R.: Todolos colabouradores son da nosa Comarca, inda que tamén mandarán traballos persoas de fora, o núm. 2 tendrá mais páxinas e contará con seccións de información Comarcal; atenderemos todalas suxerencias e críticas que axuden a millorar a Revista.

A Corporación Municipal aprobou a inauguración dunha escola pra párvulos no Campo da Feira do Carballiño...



Páx.

Un Xigantesco Cruceiro	3
Literatura Popular	4
O Noso Parque	5
O Retranqueiro	6
17 De Maio	7
A Saude No Orcellón	8
Deportes	9 e 10
A Imaxe	11
As Comunicacions	
Radioeléctricas	12
Libros	13
Música	13
Xogar	14
Vistas Perdidas	14

Redactores e Colabouradores:

Xulio Alvarez Crespo
 Felipe Gallego
 X. Alfonso García
 X. Lois Pereira Ferreiro
 X. Eliseo Fuentes
 Miguel Anxo Fdez. Fdez.
 Felipe Senén López Gómez
 Esteban Solleiro Pereira
 Xosé Francisco De Castro
 Xosé Lois
 Francisco Vázquez Troitiño
 Carlos Meixome Quinteiro
 Manoel Amil Otero

Diseño e Confección: O. C. R.

Dibuxos: X Lois, Felipe Senén,
 Felipe López

Fotografía: Adán, Mariano, Guedes,
 F. López.

Portada: Felipe López

Publicidade: Alameda 11-1.º
 Imprime: I. G. Bendaña

Depósito Legal: OR - 75

Local social: A. C. Avantar

Alameda, 11-1.º - Carballiño

Tratamos eiquí de recoller, dar a coñecer e intentar a divulgación dos feitos sociais e culturais da nosa Comarca, sen arredar o que seña peculiar da nosa Terra ou do que se pode achar tamén fora dela.

O comenzar iste traballo, matinábamos no nome que iba figurar na cabeceira dista Revista e coidámos, como máis axelado, que debera de ser «ORCELLÓN»; o motivo topámolo en distintos libros e documentos, mesmo na «Guía de Carballiño», de X. Fariña Jamardo, onde se di:

«Os precedentes do actual partido xudicial do Carballiño encontrámos no Deanazgo de Orcellón, composto por 33 feligresías ou parroquias rurales, que no ano 1587 —relaciós remitidas polos prelados ó Rei D. Felipe II— sumaban un total de 1.255 veciños. O partido de Orcellón, na época en que escribe Lucas Labrada (1804), tiña 7.022 veciños e comprendía as xurisdicciós de: Pazos de Arenteiro, Madarnás, Castro Cavadoso, Portatou, A Serra, Lobás, Roucos, Beiro, Camporredondo, Xubín, Corneda, Quinza, Maside, Partovia, Santa María de Arcos, Garavás, Oseira, Villariño de Noguerol, Villarino de Pedro López, Cobas de Cea, Vilvedo e San Paio de Lueda.

Realizada a nova división xudicial do país, o partido de Señorín do Carballiño, un dos once formados na provincia de Ourense, mais extenso e non totalmente coincidente co o antigo de Orcellón, comprendía 78 parroquias. E o mesmo que hoxe coñecemos co nome de Carballiño e que está formado polos nove Axuntamentos.»

Diste xeito, co nome da nosa cabeceira, pretendemos reflexar, mesmo dende unha división histórica, o espacio informativo que tentamos abrancar.

ORCELLÓN é unha revista non periódica, que enlaza no tempo coa tradición informativa da nosa Comarca, eisí a principios de século editábanse os semanarios «ECOS DEL ARENTEIRO» e «EL SOL», dende o ano 1952 ó 1955 prublicouse o semanario «AMBIENTE», de onde naceu a peña «TASCA Y LITERATURA», organizadora das Festas da Poesía de Carballiño; na emigración editábase en Buenos Aires, na década dos 50, a revista «AIRÍÑOS DO CARBALLIÑO», tendo como colaboradores a Otero Pedraio, Castelao..., pretendendo a divulgación da cultura galega.

¿Por qué escollimos o día 17 de Maio pro lanzamento dista nova revista? Pois foi por unha razón ben sinxela, o día 17 de Maio é o DIA DAS LETRAS GALEGAS, que se ven conmemorando dende fai anos, dende o primeiro centenario da publicación do libro «Cantares Gallegos», de Rosalía, ou sexa, do Rexurdimento da literatura e cultura galega. Hoxe, no ano 1980, ista data ten pra nós non un carácter conmemorativo per se, senón reivindicativo: pola oficialización e normalización da nosa língua rexeitando as novas formas de imposición (léase Decreto de Bilingüismo).

Pra colleitalo material diste traballo, contamos cunha serie de colaboradores que dun xeito cordial e desinteresado foron dándonos a información que precisábamos. As casas anunciantes, sin cuia axuda non se podrían publicar estas modestas páxinas, e a vostede, amigo lector a nosa más sincera consideración.


O consello de Redacción

Carballiño, Maio do 80.

UN XIGANTESCO CRUCEIRO

Por FELIPE SENEN

Diretor do Museo Arqueolóxico
de San Antón na Coruña



Van xá alá moitos anos dende que os devanceiros escomenzaron a labrar no noso chau un xigantesco cruceiro. Naquela primaveira o formigueiro humán escomenzaba a botar longas ringleiras que iban afondando en terras ermas, onde, sen máis, vexetaban o toxo, a carqueixa e a úz. Ringleiras cheas de arelas: Pelengrins, romeiros, arrieros, frades e feirantes vanse esparexendo.

Xúnguense sangues e pobos que do día prá noite desaparecen. Máis os nosos antergos sempre nos deixaron algo, amais da chama que prenderon no noso espírito de feira e de festa. Tivemos a sorte de ser os herdeiros do seu camiñar vagaroso. As súas pisadas fixeron no noso chau un xigantesco cruceiro.

Camiños, vieiros e congostras de Galicia queren ter na Nosa Terra seu punto medio, dánse unha aperta. E de ali, de aquil centro escintilan, encetan a sua andaina os camiños, seguindo o decorrer do Sol e más da Lúa na sua Roseira dos Vientos. Os catro brazos do gran cruceiro diteron ás lonxanías, non escolleron calisquer lugar no que morrer, alónganse cada vez máis ata os horizontes, cara ás Américas, Australia, Europa...

A voz teimida dos devanceiros está na alma dos seus herdeiros, sofridores, escravos da Historia feita polos poderosos. Camiñar, estarelarse polos pés e brazos de un xigantesco cruceiro de sofrimentos. Os antigos camiños sin fin fanse estradas, aeroportos sin fin... O gran Cruceiro medra máis e más, pero o centro sigue sendo o mesmo, nil está ainda o celme da identidade asoballada, perdida.

O sol pode ca noite e bota cheo de trunfo cara á Pena de Queiras, somella querer decir que naquil cornoche comenzaron os homes a asentar ás suas moradas, beiando unha muñeira ao redor da primeira eira confeccadora do debullar das sementeiras e más dos amoríos: Carrás, Flores, Carreira... son nomes que en si teñen os orixenes do Carballiño. O Arenteiro é a baraza prateada que cinge entre muiños as primeiras cachoupas. E ao lonxe marcan o horizonte as eternas vixias: A Martiña, ergueita como unha estadea asexante, a Madalena, co seu lombo manso, e cara ao solpor o laberinto ermo e gris do Parano, ... Máis alá, marcando as terras do Ribeiro, o Coto de Novelle, que como lle dixo o noso veciño D. Ramón de Trasalba «somella ser un moucho». Antre unha e outra erguese o fungueiro pétreo de Pena Corneira, que párrez buscar o lonxano fin do cruceiro, nembargantes, polo seu molto rebirique, non o atopará.

Dedante tal visión, o home puxo nome a un fato de casilhas: Señorín, ledo e pintureiro, sempre cos ollos abercas: Señorín, ledo e pintureiro, sempre cos ollos abercas na percura da lonxanía, é o gaio señorito que pregoa o primeiro espertar do día nas terras do Carballiño.

A cuneta, no camiño, está sempre enfeitada por cabaceiros, casilhas baixas, aldeñas que xa cicáis noutros tempos foron cidás: Santián, pousón, no medio de unha carballeira comesta polos piñeiraes; á distra, Partovía, afundida, afumada pola quentura das augas que veñen quentes da entraña da terra, augas mornas que nos seus tempos envolveron, de seguro, a más de catro señoritos da imperial Roma; e no fondo, o Penedo, co seu castro esquencido, cheo de lendas, de tesouros e de achádegos. Ali perto, as Covas das Adegas, onde os rapacíños da nosa bocarribreira cortaban o loureiro pra o Domingo de Ramos, e xogaban a furar no fondo da terra, escoitando o ruxir do río que se acochaba baixo os caprichosos penedos.

A sinistra, o pobo do Lago, o Castro de Amarante, as xentes que ainda quedan neste entorno contan a vella tradición do orixen do «puzo». «Lago te asulago...» dixo a Virxen, dediante da avaricia do panadeiro que se negou a darlle a bica do seu forno. O lago é o froito dista avaricia. Os abós dixeron aos netos que naquil mesmo lugar antergas xentes, descoñecidas, sacaron prata ou cecáis ouro, o burato da mína asulagouse ante tantas ánseas de remexer, un diluvio poido cos desatinados deseños de riqueza, Eis a sinalificación de unha lenda parella con muitas outras das chamadas Nacións Celtas.

Dacón, Maside, na veira do camiño, paradisos e asentadeiro baril pra aquil antergo viaxeiro vendedor. Xentes que manteñen unha antiga tradición, a de espallarse polos máis nomeados centros de troque. Nos pasados anos o nome de «Masidao», xunto con seu xeito e modo de ser e de vestir: chaleque cruzado, romana na man e fardo ao lombo, era equivalente de tráfeo e de andaina en faco de leira, somentes arremedada polos felos de Garabás, ledicia de brindós, de axóuxeres e cintas nos tempos de antroido.

Punxín, Salamonde, San Amaro... povos de lenda, óllanse desde a testa do Monte de San Trocado, outro Pico-Sacro nas terras diste noso cruceiro. Ao seu pé, o Castro da «Cidade», unha Antioquia na voz popular, núcleo que nos seus anos de vida, alá polo 300 dementes de Cristo, acolleu o fervor de unha xente guerreira, mineira e cunha fonda sensibilidade que superaba os seus traballos no ouro, na cerámica e no ferro.

No fondo, o val do Miño. O río amaina, prisiño do embalse de Castrelo, recollendo no espello das suas augas unha paixaxe que xoga ao recoucho: Viñas, pazos, alciprestes e penedas. Barbantes, Laias, lavadeiros do ouro dos románs, Ventosela, e xa velai a vella e fidalga Ribadavia: Campás, eirexas, frades, escudos: honor e pasado do Ribeiro. Nas raxearias do vrall cheira á esfarma no camiño.


O xigantesco cruceiro no chau fáise de intre máis barroco, arabescos de camiños, corgas... non se sabe cal escoller, rueiros que van antre as viñas, todos son un museo ao ar. Berán, Beiro, Lebosende, Serantes, Lamas, lugares nos que o románico bota un garbo de armonía na paisaxe, xeitos seguidos nas eirexas de Gomariz e xa tamén na de Moldes, Arcos, Astureses, San Facundo... camiños reais que baixan pola bocarribreira.

Abelenda das Penas, Faramontaus, pés da Pena Corneira, erguida nun homaxe que a natureza se fixo a si mesma, xigantesco corno fálico que fire e fecunda o ceo. Dende ali descubrimos ao fondo a silueta dos castros do Suido, Maimón, Vilachá, Magros, Cameixa. O día fáise pequeno pra enxergala paisaxe. Deseguida ven a noite, cecáis asexas a treboadas. O labrego chama polos pitos, pecha a porta, queima loureiro e sal e prega o responso a Santa Bárbara. Un vento lene barre as follas teixas e o tamboril da chuva empeza a repinicar nos tellados e nas lousas.

As espadañas das ermida desafian aos castelos das penedas, os rosetós románicos abren seus ollos ao Avia, a Pazos, a Salón, a Albarellos... Un crego lee no adro o «Ciprianiillo».


Covadoso, primeiro castro, despóis castelo, denriba Moldes co seu castro e a sua capeliña defendida por un xigantesco castiñeiro, esconxuro que o cruceiro do artista Falide sabe abenzoar aos ventos da invernía. Calisque povoíno garda antre viñas e carballeiras os tesouros que fixo unha cultura no tempo. Mosteiros, eirexas, inzan ista

Continúa na pág. 15 →



literatura popular

Por X. Eliseo Fuentes.
MESTRE



De todos son conocidos os desafíos, que noutros tempos tiñan lugar entre mozas e mozos coma entre solteiros pos tiñan lugar nos «fiadeiros» tanto entre mozas e mozos coma entre solteiros e casados, pero sobor de todo entre os primeiros. Os desafíos responden ao que os etnógrafos chaman «cortexo colectivo», amor colectivo non de unha moza e un mozo, senón dos mózos e das mozas, aproveitando precisamente os fiadeiros en que as mozas e as mulleres se xuntaban nas longas noites de inverno pra fiar a lá ou o lño.

Coa chegada dos mozos, que non facía falta chamarlos, escomenzou o desafío, que polo regular empeza cun reto (Vicente Risco ten recollidos algúns dentro do apartado de Etnografía da Historia de Galicia, dirixida por Otero Pedrayo); velequí uns exemplos:

Eles. — Ahí vos vai o desafío
pola punta do coiteiro
ahí vos vai o desafío.

Elas. — Si queredes desafío
pola punta da navalla,
si queredes desafío
vinde acá caras lavadas.

Logo ven o desafío propiamente dito que corresponde a unha forma rural e antigua da guerra dos sesos que disimula, nas suas retesñas, un segredo fondo erótico. Conforme se vai desenvolviendo surxen as picadas:

Eles. — As mocinhas do Porto
son pequenas e redondas,
súbense ao campanario
e botan peidos como bombas.

Elas. — Os mocinños que hai no Porto
todos teñen pernas tortas,
unhas sirven pra abeacás
e outras pra trancas das portas.

(Varón, Carballiño), V. Risco

Afortunadamente hai algúns recopilados, pero coidamos que se debería de ir máis lonxe pra evitar que se perda esta parte da nosa cultura. O grupo musical «Fuxan os Ventos» ten no seu repertorio un destes desafíos respetando tamén o xeito da música orixinal, que tiñan lugar ao son do pandeiro, das cunchas, castañolas, culeres, etc.

Pero tamén nós imos ocupar hoxe elquí das corridas ou parrafeos, que de un certo modo están relacionadas cos desafíos i entremeses que se celebraban nas nosas parroquias. Iste, segun os nosos informadores, tiñan lugar nas festas e romerías ou en calqueira ocasión. Xeralmente facíanas persoas occurrentes das aldeas pra criticar feitos no pra facer burla, e se parroquias andaban a rellesta por quien facer o entremés ou corrida máis visto. Esta pretende ser unha pequena contribución pra que non se esquenzan de todo. Os exemplos que veñen elquí foron recollidos de personas que se recordaban de versos de corridas que se celebraron pola bisbarra do Carballiño.

Case sempre había dous bandos que iban en caballos, canto máis bós millor, e cando se atopaban frente a freno escomenzaba o parrafeo, anque había tamén casos en que eran só monólogos.

No ano 1915, co gallo da Primeira Guerra Mundial, celebrouse en Prado-Ventosa unha destas, representando un bando a Alemania e Austria e outro a Francia, Inglaterra e os seus aliados. Aínda que están feitas en castelán non deixan de ser interesantes:

BANDO BELIXERANTE:

Silencio pido, señores,
al público en general;
silencio pido, señores,
para que me puedan escuchar.
Vengo aquí representando
al Emperador Guillermo II,
el hombre de más prestigio
que se conoce en el mundo.

Treinta y seis cuerpos de ejército
tenemos sobre las armas,
sin contar las grandes piezas
que están sobre las murallas.
Y treinta y seis escuadrillas
de zepelines y aviones
para conquistar Europa
y derrotar a los traidores.

En la torre Eiffel de París
he de enarbolar mi bandera
para, luego, marchar a Londres,
la capital de Inglaterra.

Do bando dos aliados solo conquerimos unha estrofa:

BANDO DOS ALIADOS:

Alemania está sin hombres
y los austriás derrotados,
esto va a fracar luego
ojo, alerta, aliados.

En Xurenzás houbo tamén unha na que se satirizaba a unha persoa que non era mol fermosa. O aldraxado viña dacabalo, co nariz postizo e a cara toda pintada. O verseador contrario dille:

Narices qué es lo que dices.
Narices qué es lo que hablas,
pareces don José María Zocalamoá,
vecino de Soutelíño.

Outros glosan a fama dos conquistadores, os «lígós» de entoncés.

Así falou unha vez o Marrón de Veiga:

Continúa na pax. 15→




MODA XOVEN

Plaza Maior, 8 - Teléfono 27 05 51 - CARBALLIÑO

LAS NOVEDADES

Selección de artículos para Señora, Cabaleiro
e Nenos

O noso parque



Por
Xulio A. Crespo

Biólogo

Decir que o parque é un soño de calisquera vila ou cibdade, feito realidá no Carballiño, non sería esaxerar moito as cousas. Corría o ano 1924, cando na corporación que por aquelas datas rexía os destíños da vila, determinouse facer o hoxe parque do Carballiño e polo de entón monte Mesego.

A hestoria escrita pouco máis nos conta a non seres, que o segredario da devandita corporación era D. Vicente de Novoa Requeixo e o arquitecto ócal se lle encargou o proiecto de arbolado e camiños o ourensán Conde Flalgo.

Pro non será hoxe a hestoria do parque o que nos ocupe, senón un pequeno análise do que o parque é en sí mesmo.

Cecais poucas, pouquísimas veces, reparamos na inmensa riqueza no que tocantes o reino vexetal e a natureza en conxunto o noso parque siñifica. Dende arbolado, pasando por toda caste de plantas (digamos cativas) con ou sen frores, a variedade das especies nel elixentes é algo inusitado e diño de seres estudiado por algún «entendido na materia» ou adicado o estudo da botánica no noso país.

Cóntase que as derradeiras repoboacions que no parque se fixeron, foron aló polo ano 1940 e logo no 1949-50. Vaía iste cativo artigo coma pequeno breviario de aquello que no parque calqueira amante da natureza pode atopar amais do reposo, o ár non contaminado e as augas limpas. Dende Eucaliptos, Tilos, Choupos, Bidueiros, Alcerces, Cedros, (aplátanos), Salgueiros, Roseiras, Camelios e un longo etc., até chegar o que poderíamos chamar a nosa arbre: o Carballo, pódense atopar hoxe no parque, e cada un deles con varias especies distintas, todos con múltiples aplicacions e de gran utilidade prao home; dende a sua madeira, até a sua paisaxe e sombra ou as suas aplicacions medicinais ou comestibles de moitos coñecidas, poñamos por caso as aplicacions das frores do Tilo, que secas, dan unha infusión semellante ao Té, dita infusión ten propiedades sudoríferas e antiespasmódicas, tómase contra do catarro; ou quen non coñece o carácter antiséptico das vias respiratorias das follas dos eucaliptos.

Cecais haxa mais piñeiro dos desexados (sabido é de todos que os piñeiro non son unha boa caste de arbre), pro suponemos que das nefastas repoboacions forestais feitas en Galicia a base de piñeiro e eucaliptos por seres istes arbes de pouco tempo de crecemento e de maior rendemento económico a curto prazo, deríxese de maior rendemento económico a curto prazo, deríxou o prantalo aquí en tales cantidades; ainda tendo en

conta que o fin neste caso non era o da especulación coa madeira, outra esplicación non se lle atopa si reparamos no feito de que hai arbres con moiñísima mellor sombra, que os piñeiro e con mellores características pra terra, que sería o verdadeiramente importante neste caso.

O falar destes arbres un por un sería amais de cousa interesante, fastuosa, pro por razós de espacio e tempo, pouco, menos que imposible; a algúns deles adicáremoslle especial atención noutrous traballos vindellos da revista ORCELLON.

Noutro orden de plantas a riqueza do parque non se queda atrás: Ericas, Dedales, lingua de boi, Codeso, xestas, Berros, Herba Luisa, toxos, ortigas e un longo etc., danse aquí; unhas mais coñecidas (as veces por isto subestimadas) que outras, pro todas elas de moita importancia no mundo vexetal e igual de interesantes.

Abundan tamén liquenes, fentos e fungos ou cogumelos; no tocante os fungos abundan nos tocos das arbres, istos son os chamados fungos da madeira, a par noutrous lugares sobor da terra pódense coller gran variedade de cogumelos, uns comestibles e outros venenosos pro non por isto de menos importancia.

O mundo vexetal o igual que calisquera outro é enorme e complexo, detallar especie por especie coas suas características e aplicacions sería laboura arduo difícil; valía pois o dito ainda que seña pouco coma toma de sensibilidade a cerca do que temos entre nos e da sua xusta importancia e valía; cecais nunca se «mímou» no seu xusto punto o parque e pola contra fixéronse mais estragos que bos arranxos, cecais o adicarlle algún docto na materia e investigación botánica sería o mellor pra facer algo paradisiaco e non deixalo coma tantas veces en mans do azar.

Pro seña como seña, o parque velai o está. Vaía o meu recoñecemento se en algo vale pra propia natureza que resistiu o tempo e os perigos humáns, e cómo non, pra aquellas xentes que a bon seguro, no anonimato, se preocuparon e desviviron polo parque; vaía, en fin, pra hestoria falada e non escrita, que no Carballiño, coma en toda Galicia, existe e pendurou ao traverso do tempo porque a fixo o pobo, ainda que tantas veces nola queiran negar.

XULIO ALVAREZ

Carballiño, maio do 80

Droguería - Pinturas



Suministros Industriales

COMERCIAL ORCELLON

MANUEL OTERO JUSTO

Martínez Avellanosa, 51 - Tfns. 271199 - 270315

CARBALLIÑO (Ourense)

O RETRANQUEIRO

Nista sección tentamos por todo aquilo que pensamos e as veces non decimos, todo depende... bo, non vos podo dar mais explicacíos que todo se sabe. Ahí vai un exemplo:

—Asegún contan, os diputados gañan catro mil reás cada mes.

—¡Cómo non fixeran outro mal! (Cousas da Vida IV por Castelao).

Istas son as conversas que a diario teñen o tío Gaspar e o seu compadre Cativíño, recollidas dende hai un tempo pra acá:

Cativíño.—Seica, vannos faguer un culeutor?

Gaspar.—O que nos van faguer, é págalo!

Cativíño.—Non oh!, que temos axudas.

Gaspar.—A Xudas tamén o tivo Cristo, e así lle foi!

Cativíño.—Pero hómel, non sexas mal pensado.

Gaspar.—E logo, seica... tes parte no negocio?

Os nosos amigos seguiron falando sobre diste... punto, pro, como comprenderedes hai cousas que non está ben publicalas.

Noutra ocasión:

Cativíño.—Meu compadre, por fin! van a dar cuartos pra arreglar os camiños das Parroquias.

Gaspar.—Sí, sí... mais a xente sigue emigrando.

Cativíño.—Pois, dín algunos que nós imonos por aventura.

Gaspar.—E íses quen son, os que se foron ou os que se quedaron?

Cativíño.—Digas o que digas, os camiños fan ben en arreglalos!

Gaspar.—Non haberá novas eleuciós?

Cativíño.—Algo diso oín, non sei que dun Referéndum.

Gaspar.—Arredemo!, inda macordo as apuradas en que me víñ...

Cativíño.—Tes razón!, molta auga non é boa pro viño.

Gaspar.—Equivócate, é boa pros taberneiros!

Cativíño.—E tí, lémbraste do Sr. Ramón o noso veciño, o que está no asilo ho!, trouxérono e hastra lle foron coller o voto ó coche, o pobre xa non se dá posto de pé!

Gaspar.—Cativíño, pro ti que dis?, de qué te extrañas?, e logo, non sabes que o caciquismo é tan vello como a fame, e que en canto hai fame non cavillas noutras cousas? Hastra chámmanos empresarios pra poder embargar as nosas terras, en fin, mexan por ún e hai que decir que chove.

E necesario aclarar, pra poder conocer un pouco mais ós nosos amigos, que é moi difícil que se dean a razón ún ó outro, inda que as veces esteán dacordo, entre outros motivos por ún que lle é vital son os únicos homes que quedan na aldea. Perdoade que non vos diga a Parroquia, que dende logo está cerquiña do Carballiño, pra que poldan seguir no anonimato —de todas maneiras, xa vos percataríades de que tanto o Gaspar como o Cativíño son dous persoaxes reales, de seguro que vos tendes topado con iles nalgunha ocasión, e inda, si a sorte é boa, vos haberedes topar—, non é que a iles lle importe, é que non se fían.

Ista conversa escoiteilla na derradeira feira do trinta:

Cativíño.—Ista é a escola de párvulos!

Gaspar.—Carafio! volvemos os tempos de antes.

Cativíño.—Boeno, agora haiche mais progresía...

Gaspar.—Habrá..., pro a miña escola tamén che foi no

monte ó lado das vacas!

Cativíño.—Pero non ves que as feiras no Carballiño son somentes dúas ó mes?

Gaspar.—Sí, deixa que o gando aprenda a leer...!

Cativíño.—Ti que dis, animal!

Gaspar.—Digo, que mires pra Marela que ben «escríbe» no chau!

O chegar as 12 h., pola vella, sempre lle van a tomar o pulpo, e unha pouquiña carne ó caldeiro, cos seus correspondientes netos de viño que sabe a gracia, ó tendrete da Sra. Xosefa.

Sra. Xosefa.—Qué iles poño?

Cativíño.—O de sempre (coa confianza), si é que non lle subiu ó precio ou non recortou as talladas.

Sra. Xosefa.—Ti bromeas, non sí?, non sabes que entre outros vannos poñer o imposto «suntuario»? (por cada cen pesetas pagase cinco), que deixa hoxe pagaban somentes os hoteles de 5 estrelas enriba, e agora imos ter que pagalo todos os diste ramo. Eisí que xa podeis ir pensando na suba.

Gaspar.—Eu nunca soupen moito de matemáticas, pro dígame, vostede, Sra. Xosefa, súbenos a nós o precio do xantar, entón nós, pra non perder no cambio, teremos que subir o precio da leite, do gando, das patacas..., e fixese que curiosidá, o precio dos nosos productos baixan en vez de subir!

Cativíño.—Quen carafio nos estará faguendo ista putada?
Sra. Xosefa.—¿...?

Gaspar.—A bó seguro que vostede non é, Sra. Xosefa, vostede coma nós está a defender a sua vida, somentes que a vostede a lei da oferta e da demanda favoreceu un pouco más que a nós.

Sra. Xosefa.—Entón, que é o que pasa, Tío Gaspar?


Gaspar.—Mire, como lle decía unha canción: «As moscas mudan, mais a merda non varía!»

E seguiron coa su parrafada resolvendo dudas. En próximos números dista revista contarelbos algunos anacos más da vida do Tío Gaspar e o seu compadre Cativíño.

Carballiño, Maio do 80.

Tienda de Modas

e Zapatería



Rosalía de Castro, 10

CARBALLIÑO

17 DE MAIO

DIA DAS LETRAS GALEGAS

Por A. C. AVANTAR

Dante dunha data, como é o 17 de Maio: Día das Letras Galegas, non podíamos deixar sin faguer un mínimo, pro consciente e necesario análisis do que iste día significa cultural e socialmente pra nós.

No fondo da conmemoración está o latexo da lotta pola normalización do idioma. Se faguemos unha pequena consideración de cómo foron as celebracións dista data en ocasións anteriores e de cómo vai sere iste ano 80, veremos nidiamente cá é a resposta das crases populares, por ún lado, e as dos medios oficiais e ad láteres, polo outro; veremos, polo tanto, a resistencia de duas ouciós, e cal delas representa o camiño do rexurdir da nosa cultura cara a sua total normalización.

Xa polo ano 75 nista data hobo dos homaxes: A «Real Academia Gallega» celebrou ó poeta Xoán Manoel Pintos e as Asociacións Culturales Galegas adicábanlo a Ramón Cabanillas, figura cultural polo de entón censurada e prohibida.

No ano 76 á «Real Academia Gallega» virou a sua faciana adicándolle a data ó agora «legalizado» Ramón Cabanillas, destacando o xeito folclorizante conque foi abodiado; as Asociacións Culturales adicámosilo a «normalización do noso idioma» na nosa líneá en pro da cultura galega, marcando diste xeito a pauta do que serían anos posteriores, é decir, dende agora o 17 de Maio val ter contido propriamente reivindicativo e concreto, esquecendos, polo de agora, das conmemoracións persoais dos primeiros anos, podéndose decir que pra nós iste día é o símbolo da coerencia idiomática a manter ó largo do ano.

Chegado ó 80 e sin que variaran as coordenadas sociais, persistindo, polo tanto, a situación diglósica do noso idioma, aparecen unhos pequenos cambios formaes, que tentan faguer mais sutiles os xeitos de opresión idiomática.

mática; eisí, decretáñse unha serie de medidas, aparentemente democráticas, coma é a do «bilingüismo» e outras anexas cujas consecuencias represivas están a sentir moitos sectores consecuentes da poboación galega. ¿Cál é a postura da «Real Academia Gallega» niste intre? entendemos que a postura que mantén neste 17 de Maio de 1980 é de coherencia coa sua liña antipopular anterior, definíndose no seu apoio simbólico e real ó status imperante, adicando o rei Alfonso X «El Sabio», xustificando ista elección por ser tal monarca autor das «Cantigas» feitas no noso idioma, latexando no fondo o agredecedimento implícito ó rei actual: 1º Por haber decretado o xa tristemente famoso Dto. de Bilingüismo; non olvidemos que moitos académicos, a maioría —ver, por exemplo, declaraciós do señor Ogando, feitas fai pouco en «La Región»—, definíñse como defensores do bilingüismo; e 2º Tal vez en agradecemento a ter dito unhas verbas no noso idioma no seo da Academia, retransmitidas pola TV; está claro que ás clases populares galegas, mantedoras durante séculos do noso idioma contra vento e marea, istes señores non lle teñen nada que agradecer.

Pola outra banda as Agrupacións Culturales xa comprometidas cunha oución globalizadora, representada polo nacionalismo-popular, adicámosslo novamente a algo concreto POLO DEREITO IRRENUNCIABLE AO USO DO NOSO IDIOMA: CONTRA O DECRETO DE BILINGÜISMO. Que lles quede moi claro, Sres. académicos, que non hai ningún país no mundo que sexa bilingüe, por moito que vosedes se empren; e que en canto unhos andan en festexos folclóricos a outros ándanos expedientando polo simple feito de ser coerentes no uso da nosa língua e o noso pobo xa nunca permanecerá pasivo, ben ante ataques frontais ou demagogías oportunistas contra o noso idioma; fai unhos días na Estrada xa o demostrou.

Carballiño, Maio do 80.

Restaurante - Cafetería

O'POTE

Bodas - Banquetes

Servicios a Carta

Platos Combinados

Teléfs. 270015 y 271436

PARQUE - CARBALLIÑO



Establecimentos ALEMPARTE

LOUZA - CRISTAL
OUXETOS REGALO E DECORACION

Mosquera, 16 - Teléf. 270183

CARBALLIÑO

bendaña

industrias gráficas

travesía avda. carrero blanco
teléfono (988) 27.01.33

carballiño - oreNSE

PAPEL TIMBRADO EN
BOBINAS Y RESMAS
EN FLEXOGRAFÍA
Y BOLSAS DE TODO
TIPO EN POLIETILENO

A SAUDE NO ORCELLON



Francisco
Vázquez Troitiño

Mestre e Médico

A modo de presentación dista sección vou tratar dun modo xenérico o que se entende por saúde. Hoxe en día dese decer moi na nosa comarca: «A saúde é o primeiro», «o que val é ter saúde». Pro que é a saúde? A saúde é estar ben, ben da cabeza, ben do corpo, é estar ledo, estar contento.

Cando vemos a unha persoa triste logo decemos: «non debe andar moi ben de saúde». Por iso, a saúde non é soio que a ún non lle doña unha perna, un brazo ou un ril: TER SAUDE QUERE DECER O MESMO CA SER FELIZ.

Esto que nos expresamos dista maneira tamén o dí a O.M.S. (Organización Mundial da Saúde), que é o orgaismo que valorá a saúde en todo o mundo.

Así a O.M.S., dí que SAUDE E «ESTAR COMPRETAMENTE BEN NO CORPO, NA CABEZA, NA VIDA DE CADA DIA».

Se pensamos un pouco na xente do Orcellón igual ca moita de Galicia, vemos, por exemplo, que nesta zona hai moita xente «MAL DOS NERVIOS». Agora ben ¿por qué agora hai tanta xente mal dos nervios?

Estar mal dos nervios é o mesmo ca estar a desgusto. ¿Por qué hai xente a desgusto elquí? Hai moitas razós pro hoxe imos falar dunha moi importante: A EMIGRACION.

O ter que emigrar moita xente da nosa comarca. A muller do emigrante escomenza a toparse sola e así empéza a non dormir de tanto cavilar; as noites de inverno son moi grandes e da o tempo pra todo, eisí ista muller que se sinte soia chora as agachadelas e acaba estando

MAL DOS NERVIOS.

As veces o home volve do estranxeiro pro a alegria que había na casa cando él se fora xa se perdera. A muller suspira molto e o home que se marchou as cousas non lle foron muito millor. No estranxeiro topouse cos piores traballos e en moitos casos foi despreciado; doutra banda tamén topouse faguento unhos traballos pros que non iba afeito e ademais falábanlle unha lingua que non era a sua.

Non é pois de extrañar co noso emigrante acabe tamén MAL DOS NERVIOS, algún hasta acaba mal da cabeza porque son moitas cousas en contra dún.

Vemos pois xa UNHA DAS RAZOS polas que á xente da Comarca do Carballiño nos pomos mal dos nervios. Cando a xente vai o Psiquiatra dí que os nervios son moi malos de curar e ten razón pra curar istes nervios temos que acabar coa súa causa ou sexa neste caso coa EMIGRACION.

A nosa comarca é rica, podemos por os montes a campós; craro que tamén fan falta unhas INSTITUCIONES que axuden os labregos e non ó contrario. Rematar con iste mal é prioritario pra saúde no noso PAIS. O día pois que estemos pais, fillos e netos xuntos na Nosa Terra curaránse moitos mais males dos nervios ca tomando todas as pástillas do mundo.

Carballiño, Maio do 80




Foto
Felipe López

DEPORTES

Amigos meus: Nista páxina que a revista Orcellón vai a publicar de tempo en tempo, encomendouseme a difícil laboura de falar sobre do deporte na nosa Comarca. Eu, inda que nunca cheguei a destacar nas actividade deportivas, sempre topeíme ó lado do deporte e procurei axudalo, ben no aspecto de aficionado ou bén desempeñando ó largo de seis anos o cargo de Delegado de xuveniles no C.D. Arenteiro. Todo isto ven a conto pra decirles que ista páxina que vou a escribir, non sería posible sin a colaboración de toda persoa que se tope ligada a calquier tipo de actividade deportiva, aficionados, socios, directivos ou amantes de calquier deporte pediríavos dende eiquí a vosa colaboración faguendome chegar calquier noticia ou feito que logo podemos reflexar na Revista.

Por X. Lois
Pereira Ferreiro
Mestre



O NOSO COMENTARIO ¿Pro ano na Terceira?

Non se fala de outra cosa nos corrillos futbolísticos que se forman en calisquera esquina ou tasca da nosa Vila.

Que si, home, que prao ano pasarán polo Espiñedo o Orense, Ferrol, Lugo, Cambados..., etc.

Pero ti estás tolo, como imos ascender si andamos pola mitade da taboa.

O compañeiro explicalle a reestructuración que se vai levar a cabo nas terceiras divisiós de cara a proxiña campaña, quedando convertidas istas nunha competición a nivel galego, o que traerá consigo un ascenso masivo de equipos da rexional preferente e remata decindo:

Quizás sexan os 9 primeiros clasificados os que estrenen categoría prao ano.

Noso amigo, inda medio sorprendido, pensa pra si.

Home, pois logo hai que arrimarlle un pouquín mais o hombro ó noso Arenteiro e o final estar entre ises 9 primeiros clasificados.

Cando estou escribindo estas líneas, inda non pasou polo Espiñedo o Porrío, equipo iste de gran rivalidá, co noso Club, vendrá co ánimo de complicarnos a tranquilidá que dan iso 2 positivos que levamos no casilleiro. De calquer xeito, coido que, salvo resultados anormais, o ascenso pódese lograr. Imaxinemos xa en Terceira e fagamonos a seguinte pregunta: ¿Interesa o ascenso? A simple vista temos que pensar que loxicamente interesa, tanto deportiva como economicamente. Non é o mesmo pras arcas do Club que nos visite un Ferrol ou un Alondras a que o faga o Milagrosa ou Fisterre. Por outro lado, os desplazamentos, en canto a kilómetraxe vendrian a ser os mesmos. Xa de por si istos dous puntos expostos serían suficientes, pra que cos ollos pechados, díxemos o salto a nova categoría; pero, Srs. directivos de C.D. Arenteiro, si se consigue e eu son o primeiro en deseñalo, non botemos a casa pola ventana, supón que me entenderán, hoxe ascendense e mañá descéndense, pero boeno, imos deixar iste tema prao noso proximo número e primeiro logremos o ascenso, non botemos o carro diante das vacas.



C. D. Arenteiro

Foto C. Guede

Noticiario Breve

—Xosé Cristóbal Valeiras «Cuqui», xogador xuvenil de C.D. Veracruz, desplazouse en días pasados a Madrid, co fin de realizar unha proba co Club At. de Madrid. Desechamos, que este bó portoño carballiñés ha convencido aos técnicos madrileños e pronto estampe a firma por dito Club.

—Segundo con probas, Xosé Lois Sobrino Rodríguez «Pericán», tamén demostrou suas boas maneiras ao técnico deportivista García Verdugo, pero o que son as cousas, o mister coruñés foi cesado, e ao rapaz dílle que a final de temporda volverán a chamar, e mentres o C.D. Veracruz cedelle o xogador ó Arenteiro polo que resta de temporda por si son necesarios os seus servicios.

—Teremos Campeonato local de Fútbol Sala iste Vrau? Juan José, sempre servicial, está disposto a botar unha mau, ós equipos con ganas de xogar ¿dónde está logo o problema?, pois como sempre: nas instalacións. A dirección do Colexio Isabel a Católica quizás estuvera daco en cedelas pro sempre que lle sufragaran os gastos que o Campeonato acarrea.

—Tomen nota disto o Consello Superior de Deportes, retirará a axuda de 9 millóns de pesetas pra construir o Pabellón Polideportivo, si éste non se fai niste ano.

—Por qué Arturo deixou de xogar con C.D. Arenteiro mediada a segunda volta? Dicen que por problemas laborais, pero a parte disto motivo coido que houbo algúun outro. Enteraremonos e logo xa llo contamos.

—Iste ano houbo un intento de faguer rexurdir o baloncesto na nosa Vila, pro como sempre, cando os resultados non son bós todo son críticas. Señores, sexamos más persoas, o primeir paso xa o diron ese grupo de rapaces, agora, todos os fenómenos que se dedican a reirse e encestar dende a banda que pasen e o millor, as portas toparanas abertas ¿Non é certo Manolo, Ioni, Montes, Fernando, Marcelo..., etc.? Enhoraboa e inda que chovan perdras ¡Adiante!

—Xa é unha realidade a subvención da F.G.F. pra construir un novo campo de fútbol no Carballiño, ista axuda sería dun 75% do coste das obras, agora todo depende de conseguir o terreo, niste ouxetivo están traballando membros da Comisión de Deportes do Axuntamento, así como Delegados dos Clubs Veracruz e Arenteiro. ¡Esperemos que o consigan!

—Iste ano o Rallye do Lacón conta cunha importante participación, superando as edicións de anos anteriores, mesmo nos premios e trofeos que serán abundantes, os resultados da proba e entrega de premios faráse na discoteca Sandokan.

—Sabedes cal é o deporte mais practicado na nosa Comarca? Pois é a Pesca, miles de aficionados aproveitan calquier rato libre, pra irse polas ribeiras dos nosos ríos en busca da codiciada peza. En numerosos sucesivos daremos máis información do que son as Sociedades de Pesca e demás cousas de interese pros bós aficionados a ista deporte.

DEPORTES

ENTREVISTA

D. Jesús Mosquera González

Presidente da S. D. SAN AMARO

Era un Vernes como outro calquera, baixo a luz de cinco reflectores, unha veintena de chavales con atuendo deportivo cumplían as ordenes do seu entrenador Horacio. Atendo ás evolucións dos xogadores o Presidente da Sociedad acompañado doutros directivos. Acercámonos e preguntámosselle si nos pode conceder unhas instantes, sin pensalo duas veces xa o temos a nosa disposición.

Sr. Presidente, fáganos un resumen dista temporda, prouxima a finalizar.

—Pois ista temporda 79/80, podemola considerar como a mais positiva, tanto no aspecto económico como no deportivo, das que levo ó frente do Club. As metas que nos fixamos a principio de temporda cubríronse con creces.

—Cales son as miras da S.D. San Amaro pra campaña do 80/81?

—No aspecto deportivo intentaremos dar o salto a 2.^a Rexional xa que nos beneficiaria economicamente por ser os gastos iguales e os ingresos superiores tendo en conta os equipos que nos visitarían. No aspecto de obras podemos xa dar por feito que o noso campo «O FOXO», contará prao ano co cierre exterior totalmente finalizado.

—Como se desenvolve economicamente a S. D. San Amaro?

—Ben, a economía está saneada, inda que pra elo é necesario o traballo incansable de todos os directivos ó largo do ano, faguer socios, vender lotería, perder horas de traballo, desplazamentos, etc.



—¿Canto cobra un xogador do San Amaro?

—Nada de nada, o único, sempre que haxa diñeiro nas arcas do Club, e sinón o poñemos os directivos, e ter algunha merenda co fin de crear un clima de máxima camaradería entre todos.

—Cales son as relacíos de C. D. Arenteiro co S. D. San Amaro, e demais equipos da comarca?

—Moi cordiales, sempre que necesitamos algo o conseguimos e, toxicamente, aquí estamos pra que faga falta.

—Sr. Presidente, si agora mesmo C. D. Arenteiro necesita algún xogador do seu Club, ¿canto lle pediría a cambio?

—Nada, xa que aparte de que nós o que desexamos é o ben dos rapaces, non nos olvidemos, ou non nos podemos olvidar de que o ano que fundamos o club tiñamos toxicamente o problema de xogadores e o Arenteiro cedeu-nos xentilmente a Pilis, Emilio e Prado.

—Sr. Mosquera, e xa pra rematar, ¿Cantas temporadas más ó frente do Club?

—Boeno, esa é unha pregunta que agora mesmo non che podría contestar con exactitude, pero podoche decir que a mí gostame o fútbol e hoxe síntome rodeado dun grupo de directivos formidables e isto é o que me anima a continuar; agora ben, cando vexa que hai outro grupo de xente que nos quere sustituir e que nos vexamos que a labor que levamos realizada nistes tres anos no na votarán por terra, lles daremos paso e contarán co noso apoio.

Gracias Sr. Mosquera e polo ben do fútbol e do deporte en xeral sempre nos gustaría nas directivas topar persoas como Vd.; dende estas páxinas de ORCELLON deseñámoslle unha larga continuidade ó frente da S.D. San Amaro.

GALERIA DE EQUIPOS

Fundación: Temporada 78-79.
Presidente: X. Antón Iglesias Pérez (Cadavid).
Campo: «Outeiro Grande».
Domicilio Social: C/ Travesía Rodríguez Soto, s/n.
Teléfono: 84.

XUNTA DIRECTIVA:

Vicepresidente: Lois González Gómez
Secretario: Maio Estevez González
Tesoureiro: Alvaro Alonso Pérez
Vocales: X. Quiroga Rodríguez,
 Francisco Alvarez Mato,
 César Vázquez Alvarez
 X. González Moreiras
 Secundino Crespo Fdez.
 X. Antón Alvarez Rdguez.
 X. Lama Deus

ENTRENADOR: Lois Rivera Alvarez
Temporadas en 3.^a Categoría Regional: duas.

Plantilla: Xulio, Carlos, Higinio, Barroso, Toño, Sindo, Xulio, Tanco, Xosé Manoel, Mosquera, Anzarda, Alicate, Gustavo, Edmundo, Peña, Rubio, Miro, Xavier, Zurdo, Anxel.

Color primeiro uniforme: Camiseta azul celeste e pantalón branco. **Segundo uniforme:** camiseta roxa e pantalón azul.

MASIDE F. C.




(Foto Mariano)

A ÍMÁXE

Material cinematográfico sobor o Carballiño

Dous hallazgos importantes a recuperar

Por Miguel Angel Fernández Fernández, Presidente «Cine Club Carballiño»



Fotograma da «Romería da Magdalena» (Archivo MAFF)

Deixa fal moi pouco tempo non se tiñan apenas noticias da utilización do Carballiño e Comarca como esceario prá filmación de películas. A única excepción conocida era «Rincónes gallegos», un cortometraxe sonoro que menciona José Fariña Jamardo na súa «Guía do Carballiño», edición 1961, página 29, nos seguintes términos: «... Es también propietario el Excelentísimo Ayuntamiento de un cortometraje sonoro, titulado «Rincónes gallegos»...». Fora desta cita, públicamente non se conocen outros casos. Cecáis houbera que mencionar tamén algún cortometraxe de Ismael González, produtor, director i esibidor de cine, nacido no Varón e afincado en Madrid, que como no caso de «Kaleia» (Galicia) utiliza escearios da bisbarra do Carballiño entre outros rincóns de Galicia.

Niste estado de cousas, alá polo remate do ano 1978 chegaron a poder do cine-club da vila, cedidos polo seu depositario D. Argimiro Marnotes, un fato de negativos en 35 mm con sonido, que levaban moitos anos sin desempaquetar e que seica versaban sobre o Carballiño e a súa Comarca.

Uns días despois distes hallazgos conocímos os seus títulos: «La Romería de la Magdalena» (un rollo), e «Rutas de Lobanes, 1.^a y 2.^a parte» (dous rollos). O visionado do primeiro cortometraxe, un día calquera da conocida romería, nun pase privado no Cine Alameda, fixonos pensar de inmediato que sin dúbida estábamos ante un gran descubrimento, non soio polo seu indiscutible valor para o Carballiño, senón tamén cecáis para o escaso cine feito en Galicia deixa os nosos días. Iste valor acrecentábase tamén polo seu formato (35 mm., moi costoso para unha iniciativa privada naquel tempo) e polo carácter de negativos, que como tales posibilitan a tirada de cantas copias se quixera sin moitas dificultades. Por outra banda chamaba a atención o feito de que «Rutas de Lobanes, 1.^a y 2.^a parte» parecía corresponder a esquemas de unha película de ficción en tanto que tiña unha liña argumental moi marcada e ademais contaba con un protagonista: un emigrante.

As primeiras noticias do seu orixe foron facilitadas por o mesmo depositario que afirmaba haberlo visto en Buenos Aires nun pase privado, e que incluso circulaban copias por alá (supонse que entre os Centros Galegos); añadío tamén que seica as fixeran polos anos 50 xentes de Lobanes emigrados ali, previo encargo a unha empresa de Vigo que se dedicaba á filmación de películas.

Istos eran, más ou menos, os primeiros datos, un tanto abstractos que conocímos sobre das películas.

Pasado un ano máis ou menos en que o asunto estivo estancado (si se escetúa o rumor de que o propio Pío Cabanillas, entón Ministro de Cultura, ofrecera

de NO-DO), ante o conocemento de que un amigo de Ribadavia, Emilio Carlos García Fernández, recentemente licenciado da rama de Imagen (director de cine) en Madrid, estaba a escribir a primeira «Historia do Cine en Galicia», ofrecinlle os negativos para o seu estudio polo que poideran ter de interés para o seu trabalho. Estuve con eles unha temporaña facendo repetidas visións, deixa rematar un informe sobre dos mesmos que il considera de gran valor. Trataréi de que a traves de estas mesmas páginas espique persoalmente todo o relativo a estes cortometraxes e a súa trascendencia. Mientras tanto adiantóme algúns datos que trataréi de resumir e que resultan altamente curiosos.

No aspecto técnico, dentro do linguaxe cinematográfico, chaman a atención uns «barridos» e oberturas en negro; a planificación tende a ser casi toda en planos xerais e algún picado. Prá filmación parece ser que se utilizaron tres tipos de negativos distintos en branco e negro; globalmente o seu estado cara ao hipotético tiraxe de copias é moi deficiente, e ainda por riba os empalmes do montaxe definitivo sóltanxe con moita frecuencia. A banda sonora conservase intacta, si ben o sistema de grabación é agora moi anticuado; nun principio parece ser que son comentarios en «soft» acompañados de partituras musicales nalgúns pasaxes.

En canto ao contido das cintas hai moitos detalles que sobresalen, pero relataréi soio algúns para non estenderme. «La Romería de la Magdalena», obedece a un esquema de reportaxe sobre dun día de romería, deixa que os romellos suben ao monte e van de procesión deixa que rematan o día comiendo. Mais ou menos como áinda se fai hoxe. Destacan planos de detalle (xente que sube na procesión de rodillas, a Banda tocando detrás do cortejo, a Benemérita á Virxe cos seus vellós mosquetóns, os postos de comida na cima do monte, etc.) e nun deles descubrese unha placa conmemorativa do momento, pois en aquela ocasión emigrantes de Lobanes en Buenos Aires viñan a ofrecer á Virxe da Magdalena un manto e unha toca. A fecha da placa serviría para situar o ano da realización de iste reportaxe, pero parece que se ve moi confuso nos fotogramas.


En canto a «Rutas de Lobanes, 1.^a y 2.^a parte», parece a máis interesante por canto que ofrece máis elementos de estudio e máis variados. A liña argumental parece que xira encol de un emigrante que desembarca en Vigo para acercarse a O Carballiño. Os tópicos da emigración vense repetidos unha vez máis na representación física do emigrante (boina calada e un atado ao lombo colgando de un pau) e no plantexamento de algunas secuencias como aquela en que algúén, probablemente a sua parenta, despídeo en traxe rexional axitando un pano branco ao pé de un cruceiro calquera.



As comunicaciós Radioeléctricas

Por Esteban Solleiro Pereira

Inxeniero Superior de Telecomunicaciós



Dende sempre o home sintiu a necesidá de se comunicar cos seus semellantes, pra o cal o primeiro que emprega son xestos feitos cos brazos e maus. Mais tarde vai faguer uso da fala, a cal non pode empregar mais que nun contacto directo. Pasan os tempos e xurden inventos novos, que van transformando o mundo das comunicaciós, hasta o punto que chega un intre en que xa é posible falar a distancias de miles de kilómetros con outras persoas. Todo isto faise posible co nacemento das radiocomunicaciós por as cales o home pode enviar mensaxes a través de ondas radioeléctricas que viajan á velocidade da luz. As primeiras comunicaciós por ondas radioeléctricas datan de comenzaos da década dos 20, é de resaltar o papel decisivo de investigadores como Hertz, Marconi, etc., pra que isto faga posible.

Os primeiros equipos de comunicaciós eran voluminosos e pesados, e casi sempre tiñan que ser estaciós de tipo fixo. As frecuencias empregadas eran baixas, e de ahí que as antenas foran «auténticos armastos». Co recorrer do tempo, e alá polo ano 1948, unhos americanos descubriron o transistor, o cal ven a revolucionar tanto ó mundo das radiocomunicaciós, como o da electrónica en xeral; con iste logro, os equipos xa per-

den volume e peso, ó mesmo tempo que se pode dispoñer de emisores móviles sen ningunha complicación.

Xunto a isto, as frecuencias que se empregan vanse facendo más altas, o que trae como consecuencia inmediata a diminución do tamaño das antenas.

No desenrollo das radiocomunicaciós xogan un papel moi importante os radioaficionados, que poñen a punto novos equipos, idean novas antenas, lanzan ao espazo o Satélite de comunicaciós OSCAR (moito antes de que a radiocomunicación comercial dispuxera do seu primer Satélite), etc. As bandas mais empregadas por illas son as de 10, 20, 40, 80 mts, denominadas decamétricas; logo temos a popular banda ciudadana (CWO) de 27 Mhz, e a de 2 mts. (114-146 Mhz), que está collendo moito auge actualmente. Outras bandas que van a ter interese axiña van ser a de 432-438 Mhz e mais a longo prazo a de 1.296-1.284 Mhz, que dito sexa de paso xa usan algunos radioaficionados catalás.

En capítulos posteriores falaremos de equipos, antenas, e demás cousas de interese dentro do mundo apasionante das radiocomunicaciós.

Carballiño, Maio do 80

← Continuación


Material Cinematográfico sobor o Carballiño

Digno de un profundo estudio o apartado «iconográfico»... Pero o que máis interese ten pra nós como carballineses pode ser aquela secuencia na que se ve a Vera-Cruz, coa torre principal ainda sin rematar, no medio de un descampado; sentimental e históricamente ten un valor incalculable, porque pra moitos será esa unha visión moi lonxana, e tamén porque constituye unha proba impalpable do desaguisado urbanístico a que está sometido hoxe en día o entorno da Vera-Cruz.

Coido que istos son algúns dos elementos a destacar nistes dous cortometraxes que sin duda ofrecen un gran interese pola complexidade de estudos a que se poden someter. Urxe agora unha determinación cara ao seu futuro. O tiraxe de unha copia dificultase polo seu elevado custo, pero penso que valdría a pena intentalo. Igual que a recuperación do resto do material que haxa sobor do Carballiño.

Neste momento pola relación que tén con iste medio de expresión, o «Cine-Club Carballiño» préstase a collaboración e a recepción de calquera iniciativa tendente a recuperar todos istos documentos que si céais hoxe non tiveran moito valor, sí o alcanzarán nos tempos vindeiros. A creación de unha pequena Filoteca Municipal ou, cando menos, un Arquivo cinematográfico e fotográfico, sería unha alternativa para conservación distes documentos e dos que estiveran a facer. O cine desde os seus primeiros tempos integróuse con moita forza na cultura, e o cine, señores, non solo se fai en Hollywood.

Foto Denuncia



Pena dos namorados. O pe, un novo falo eléctrico

DAKA

Alta Confección
Señora,
Cabaleiro e
Neno

Mosquera, 1
Teléf. 270773
CARBALLIÑO

centro * de moda

●●● LIBROS ●●●

Por CIBRAO

Unha das necesidades do home pra sentirse tal, é do coñecemento do seu pasado, das suas orixenes próximas e lonxanas, do por qué das formas políticas e económicas, do desenrolo ou in-desenrolo da cultura. O home é un «ser histórico» no cal perde a sua individualidade, pra recuperala ten que voltar a ese «ser histórico», e teno que facer pra identificarse como home-individuo na realidade colectiva, pra entender o que é, porque o é e porque non é outra cousa. Pra chegar a esa identificación ten que coñecer a sua historia coñecela pra interpretala, e interpretala pra explicar, entender e transformar a sua realidade actual. Mal podemos explicar o que é hoxe Galicia si non coñecemos o seu pasado, mal podemos transformala si non entendemos as determinantes históricas que orixinaron a realidade na que hoxe vivimos ou sobrevivimos.

E por ésta razón pola que nos semella louable o testo-manual sobre a Historia de Galicia promovido polo Frente Cultural da AN-PG. O libro aspira a duas metas, a primeira garantizarun rigor na sua elaboración, a segunda funcionar como divulgador dunha historia silenciada, que sirvise pra que os galegos identifiquemos as nosas determinantes como homes e como pobo.

E imos xa co, testo. A obra, dividida en catro partes —ó xeito clásico— fixerona os seguintes historiadores: Felipe Senén López, director do museo Arqueolóxico da Coruña, veciño do Carballiño e colaborador da nosa revista, que se preocupou da Prehistoria e da Romanización; Anselmo López Carreira, profesor do INEM de Celanova, que fixo a Edade Media; Francisco Carballo Carballo, profesor e crego, con varios libros publicados sobre a historia da Iglesia en Galicia, foi o encarregado da Edade Moderna; Xosé R. Barreiro Fernández, profesor da Universidade de Santiago, autor de varios libros xa publicados sobre aspectos parciais do noso pasado, escribiu a Edade Contemporánea. O libro remata cun Apéndice do profesor Carballo que vai dende o 1939 deica o 25 de Xullo, día da Patria Galega, do 1979.


A pesares de estar feito por catro investigadores distintos, ten a mínima homoxeneidade necesaria como pra entendelo como un todo, cada autor ó en centar o seu anaco de historia tentou, e logrouno, recoller os puntos básicos do desenrolo anterior, pra xunguilo co que il iba tratar, garantizando así a contiguidade do texto.

Libro pois absolutamente recomendable pra coñocernos a nos, pra saber de onde vimos e pra, polo menos, intuir cara onde temos que ir, si é que queremos salvar a nosa dignidade como pobo e como persoas.

Pro hai que andar axiña, xa que a primeira edición —3.000 exemplares— está caseque agotada. Segundo temos entendido estase a preparar unha segunda edición ligeiramente corregida e aumentada.

MUSICA

Por XOSE DE CASTRO
Traballador da Admo. de Xusticia




A sección que hoxe se presenta, trataráse en esencia dun artigo faguendo unha pequena crítica, dende a perspectiva popular galega en que se enmarca a Revista, que se dirixirá non soio a comentar discos senón tamén actuacións que se celebren na nosa vila ou bisbarra e onde ademais nos fixaremos nos medios técnicos utilizados, resposta do público asistente, cancións e letras escollidas, musicalidade, etc., todo elo dentro dun mínimo interés dado na sua asequibilidade e assimilación pra gran masa do pobo, sendo impredecible agora si será unha sección periódica ou non, áinda que eu trarei de que o seña como a Revista.

Por outra banda tentaráse que os artigos señan homoxéneos e tamén actuales, prestando unha maior atención ós discos, no seu caso, novos que aos xa clásicos e coñecidos por moita xente, inda que en moitas ocasións se recurrirá a istos pra analizar as obras en conxunto dos artistas criticados.

Levará o tíduo xenérico de «MUSICA», así de amplio, e áinda que a maior parte das veces adicárase á música galega, non se menoscaba a posibilidade de achegarnos a outros eidos musicales: música de outras nacións do Estado, música celta, música clásica, etc., que tanta falla fai espallar polo noso pobo.

Como simple aficionado pido xa dende aquí e agora disculpas polos poucos medios dos que dispón esta sección, tanto discográficos como bibliográficos, o que moitas veces —máis das que ún quixera— conllevará a pensar que a crítica ou artigo peca de subjetividade, o cal en ningún momento se pretén dar e, por eso mesmo, demando axuda a todas aquellas persoas entusiastas da música que desexen colaborar conmigo nestes menesteres.


Polo demais, somente desexarle a esta sección teña unha aceptable acollida así como toda a Revista en xeral, polo esforzo que supón e os beneficios que en adiante traerá consigo.



SOPA DE LETRAS

A	B	C	D	A	C	O	N	H	J	K	L
Ñ	P	A	C	D	M	E	J	A	X	A	Z
N	B	H	N	L	Ñ	R	R	G	G	S	A
O	T	V	F	G	A	G	B	O	C	D	N
P	O	R	T	Ó	A	T	U	V	R	X	I
B	J	L	S	S	O	C	R	A	A	Z	R
A	S	T	U	Ł	A	B	C	D	L	E	O
H	M	E	S	E	G	O	H	J	I	S	Ñ
M	E	T	O	L	O	N	A	B	V	A	E
N	L	O	N	G	O	S	E	I	R	O	S
I	P	E	R	S	E	C	O	M	A	Ñ	O
J	T	I	Ć	U	H	I	H	I	J	L	A

10 pobos da comarca do Carballiño




¿Qué ficha de dominó poñemos no último lugar?

PORCO = 2 GALICIA = 10 CACIQUE = ?
BOLSA = 5 MIGUEL = 6

Cada vocal vale un determinado número de puntos. ¿Qué puntuación lle corresponde a última palabra?

VISTAS PERDIDAS



← Ven da páxina tres

Un xigantesco Cruceiro

terra que nun tempo medieval se chamou «Castela» polas moitas fortalezas que había.

A terra de Pero Meogo, poeta medieval do amigo, do cervo, da fonte e mais da enamorada, posiblemente Bänga previlexiada no mirar ao Ribeiro, chea de color parello somentes cos santíños fartos e queixaludos da sua parroquia, lugar dos veraneos da Pardo Bazán, da sua inspiración pra narrar un ambiente físico que acabó co século XIX. Bänga adiántase na paisaxe, pedindolle ao arriero un piropo. Os ollos do home están cansos de tanta renda, traía e camiño, cambia os bridós no Porto de Eguas e non folga porque sabe que ao subir a Costiña do Torrón xa lle agarda un mesón farto e a sombra dun bringuelo carballeiro. Esperta da sesta e bota un traguño na fonte de Froles... Volta á sua andaina seguindo o poñer do sol, cara a Longoseiros, val pisando áinda terras de Orcellón, Brués, dos castros de Soutelíño, e da Cidade de Reádigos, da Ponte de San Bartoméu, coñecedora de liortas cos franceses, alá polos primeiros anos do século XIX; San Martiño de Cameixa, Xendive... e xa atrás as casñas de Godás, que ainda conservan o veito xeito circular das torres que lindaban as terras de «Castela»... Nun ermo, un eido de mamoas, Miomás, tumbas dos primeiros homes que á veira docamíño espreitaban o seguir do sol.

Irixo, perdido nas montañas do Foxo do Cabrito, isas costelas do Cristo do noso xigantesco cruceiro, más e más castros: Santiso, Orros, misteriosas minas do Cepo... A muller que acouga na sua porta cónxalle á neta o encanto da fontiña do Castro e más da cabra soterrada na veiga.

Montes do Paraño, Testeiro da nosa terra, valado que non deixa pasar as treboadas do mar.

Arriero de Moraña
vai polo Paraño arriba,
mociñas de Vilapouca
téndelle a carne cocida.

A coroa diste cruceiro xigantesco ten que ser Oseira, ama e dona dos povos de romeiros e de feira. A soberbia e grande Oseira acouga na sua cadeira, cavidosa da Historia que falou de destrucións, de asesinatos inxustos, de desleitas e de grandes desemellantes.

O xigantesco cruceiro non ten fins, compren milleiros de anos e vidas pra percorrer as suas aspas. Mais o seu medio sempre é o mesmo, e nel hoxe hai un carballeiro petrificado, erguido ao ar, as suas pontas rebiricadas sellan a paisaxe do cruceiro, pois non é máis que iso, un cruceiro chamado Veracruz, obra dun carácter amigo do traballo, da ánsia e da esperanza. Neste medio loitan os ronseles que fixeron nosos antergos devanceiros: fraides, arrieros, traficantes, xentes de sacha, de báculo, caxata, romana, fardo e culeiro.

17 MAIO



← Ven da páxina catro

Literatura popular

Eu que lles vou decir, señores,
que eu prás mulleres
teño que ter un imán
porque andan todas detrás de mí
coma se fora un can.
E toda a que se agarra a mí
eu non me desprendo dela...

No ano 1934 tuvo lugar outra en Madernás que máis ou menos decía si:

Voullés contar unha historia,
e Dios nos empece ben,
somos catro compañeiros
e lévamonos mol ben.
Salimos un Domingo á tarde

cara ao lugar de Cobelo
I encontramos unhas mozas
que casi nos meteron medo.
Eu estiven cunha delas
e collíñle tanta pena
porque tiña unhas barbas tan grandes
que parecía unha xena.
Se queren saber quén son
preguntuen por istas terras,
son o fillo do baldeiro,
do Eladio da Medela.

Os remates viñan sendo todos más ou menos iguales. Veleiquí un que ao parecer se tratava tamén de un galán. Celebróuse alá na Madalena:

Se queren saber quén son
preguntuen por istas terras,
son o capitán das mozas,
o Etelevino da Dornela.